

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**4767** *Real decreto 341/2010, do 19 de marzo, polo que se desenvolven determinadas obrigas de información para actividades que se incorporan ao réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

A Directiva 2009/29/CE, do 23 de abril de 2009, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para perfeccionar e ampliar o réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión, establece, no seu artigo 9, que a partir de 2013 o teito de asignación comunitario se determina partindo da asignación media anual que se aprobou no conxunto dos Estados membros para o período 2008-2012. Pártese do punto medio do dito período e redúcese anual e linealmente un 1,74 por cento.

Segundo o establecido no artigo 9 bis da Directiva 2009/29/CE, a cantidade de dereitos por expedir a partir do 1 de xaneiro de 2013 débese axustar para reflectir os cambios no ámbito de aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión con respecto ao período 2008-2012. O ámbito de aplicación do réxime cambia a partir de 2013 porque se inclúen novas actividades e gases e porque se modifican algunhas actividades que xa formaban parte do ámbito de aplicación en 2008-2012. Entre estas atópase a actividade de combustión, que pasa a adoptar un enfoque máis amplo, e a de fabricación de produtos cerámicos, onde se elimina a necesidade de superar os limiares de densidade de carga do forno e de capacidade de enforado.

No número 2 do artigo 9 bis da Directiva 2009/29/CE establécese que os Estados membros deberán garantir que os titulares de instalacións que leven a cabo actividades enumeradas no anexo I incluídas no réxime comunitario unicamente desde 2013 presenten datos de emisións, debidamente documentados e verificados de forma independente, o 30 de abril de 2010 como moi tarde. Esta disposición foi trasposta ao ordenamento xurídico español mediante a disposición adicional segunda da Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito; e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras. Na dita disposición establécese que os titulares desas instalacións lle deberán presentar ao órgano competente da comunidade autónoma, o 30 de abril de 2010 como moi tarde, datos de emisións correspondentes aos anos 2007 e 2008 debidamente documentados e verificados de forma independente por un verificador acreditado no ámbito do comercio de dereitos de emisión. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitiranlle os ditos datos á Secretaría de Estado de Cambio Climático nun prazo máximo de dez días desde a súa recepción. Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario, previsto no número terceiro da disposición adicional segunda da Lei 5/2009, do 29 de xuño, das obrigas de información que para instalacións fixas prevé a dita lei.

O axuste do teito de asignación comunitario é un exercicio de carácter extraordinario que se debe realizar unicamente unha vez coa finalidade de adaptar a cantidade de dereitos por expedir a partir de 2013 ao novo ámbito de aplicación. Este exercicio formula unha serie de dificultades técnicas que se trataron de solucionar tendo sempre presente a finalidade da información requirida e a necesidade de adoptar un enfoque pragmático. No caso de actividades para as cales a Comisión Europea desenvolveu directrices para o seguimento e a notificación das emisións no marco do comercio de dereitos de emisión, xeralmente exíxese aquí a aplicación das ditas directrices. Nos casos de actividades para as que non existen directrices de seguimento e notificación aprobadas no marco do

comercio de dereitos de emisión, especificase no anexo I deste real decreto cales se deben empregar. Todas elas foron tomadas das directrices do Panel Intergubernamental de Cambio Climático (IPCC, a súa sigla en inglés) de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. En todos os casos cumprirá ter en conta que as emisións se produciron nuns anos en que as instalacións non estaban suxeitas a obrigas de seguimento neste ámbito. Iso, obviamente, poderá repercutir nunha menor calidade e maior incerteza dos datos notificados respecto ao que é exixido ás instalacións xa suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión nos exercicios de notificación das emisións anuais.

A Lei 5/2009, do 29 de xuño, establece que a verificación dos datos de emisións debe ser levada a cabo por un verificador acreditado no ámbito do comercio de dereitos de emisión, feito que se xustifica pola recoñecida capacidade técnica e demostrada experiencia dos devanditos verificadores neste campo. Non obstante, cómpre resaltar que este exercicio de verificación terá tamén un carácter extraordinario, e non se debe asimilar ao exercicio anual de verificación dos informes de emisións de gases de efecto invernadoiro. O marco de acreditación de verificadores de emisións de gases de efecto invernadoiro establécese no Real decreto 1315/2005, do 4 de novembro, polo que se establecen as bases dos sistemas de seguimento e verificación de emisións de gases de efecto invernadoiro nas instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Co fin de orientar os titulares das instalacións na determinación das emisións, establécese unha serie de regras e principios que se deben aplicar.

No que respecta á verificación das novas actividades, preséntase un problema similar ao que se describía para as directrices de seguimento e notificación, que é a inexistencia de verificadores acreditados cun alcance de acreditación específico que cubra as devanditas actividades. Por iso, introdúcese un anexo II neste real decreto que recolle os alcances de acreditación exixibles aos verificadores que vaian realizar a verificación das novas actividades.

A función dos verificadores no marco deste real decreto é principalmente garantir que a estimación das emisións se realizou conforme o establecido neste real decreto e que se aplicaron os principios definidos no número 5 do artigo 3.

Así mesmo, establécese a información mínima que terá que ser notificada polos titulares das instalacións que se atopen sometidas ás obrigas previstas neste real decreto. Poderase desenvolver un formato de notificación, que se axuste á información mínima requirida neste real decreto, co obxecto de facilitar a notificación dos datos de emisións aos titulares das instalacións afectadas. De ser así, este formato porase á disposición do público a través da páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Por último, cabe sinalar que, de conformidade coa Directiva 2009/29/CE, se os datos de emisións notificados polos titulares das instalacións ás cales sexa de aplicación este real decreto están debidamente documentados e verificados, a xuízo do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, notificaránselle á Comisión Europea antes do 30 de xuño de 2010. En caso de non cumprir as condicións exixidas, os datos non serán notificados e, polo tanto, non serán tidos en conta para axustar o volume total de dereitos de emisión da Unión Europea. Tamén o 30 de xuño de 2010, a Comisión deberá publicar a cantidade de dereitos para a Comunidade no seu conxunto correspondente a 2013 calculada conforme o establecido no artigo 9 da citada directiva, e deberá axustar a dita cantidade, antes do 30 de setembro de 2010, conforme os datos de emisións notificados polos Estados membros.

Atendendo ao contido e finalidade ambiental das obrigas de notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro que aquí se regulan, este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Na elaboración deste real decreto, que se dita en desenvolvemento do número 3 da disposición adicional segunda da Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito; e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras, efectuáronse consultas aos interesados e someteuse a un trámite de participación pública.

Na súa virtude, e por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de marzo de 2010,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver regulamentariamente as obrigas de información de instalacións fixas establecidas na disposición adicional segunda da Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación ás actividades e gases enumerados no anexo da Lei 5/2009 que non se atopen incluídos no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2008-2012.

2. Así mesmo, aplicarase a actividades xa incluídas no período 2008-2012 no que respecta a instalacións ou unidades técnicas de instalacións que se incorporarán ao réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión a partir de 2013 como consecuencia das modificacións nas definicións destas actividades que introduce a Directiva 2009/29/CE.

3. As obrigas previstas neste real decreto serán de aplicación unicamente para os efectos da realización dos cálculos necesarios para o axuste da cantidade de dereitos de emisión por expedir para a Comunidade no seu conxunto previsto no número 2 do artigo 9 bis da Directiva 2009/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para perfeccionar e ampliar o réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

##### Artigo 3. *Estimación das emisións dos anos 2007 e 2008.*

1. Os titulares de instalacións que leven a cabo actividades incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto deberán estimar as emisións reais debidas ás ditas actividades nos anos 2007 e 2008, de conformidade co establecido neste real decreto.

2. A estimación das emisións das actividades incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto fará referencia unicamente a aquelas fontes de emisión que, non estando incluídas no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2008-2012, pasen a estalo a partir de 2013.

3. No caso das actividades referidas no número 2 do artigo 2, as emisións estimaranse aplicando, na medida do posible, as metodoloxías establecidas na Decisión da Comisión 2007/589/CE, do 18 de xullo de 2007, pola que se establecen directrices para o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

4. Para o resto de actividades suxeitas a este real decreto, a estimación das emisións de combustión realizarase empregando, na medida do posible, as directrices recollidas no anexo II da Decisión da Comisión 2007/589/CE, do 18 de xullo de 2007. Entenderase por emisións de combustión as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen desde as instalacións como consecuencia da oxidación de combustibles, calquera que sexa o uso da calor ou da enerxía eléctrica ou mecánica producidos por este proceso, e calquera outra actividade directamente asociada, incluído o lavado de gases residuais.

A estimación das emisións de proceso, entendendo por tales todas aquelas que non sexan emisións de combustión, levarase a cabo aplicando as directrices establecidas no cadro recollido no anexo I.

De conformidade co anexo I deste real decreto, para determinadas actividades será posible utilizar unha formulación de balance de masas. Neses casos, non será necesario estimar separadamente as emisións de combustión e de proceso que estean previstas no balance de masas.

5. Na determinación das emisións deberanse ter en conta, na medida en que poidan resultar de aplicación, os principios xerais establecidos na Decisión da Comisión 2007/589/CE, do 18 de xullo de 2007, así como os seguintes principios:

a) As estimacións de emisións serán tan precisas como o permitan a dispoñibilidade de datos e as posibles limitacións derivadas da ausencia de metodoloxía aprobada para o seguimento das ditas emisións por parte do titular da instalación durante os anos 2007 e 2008. A este respecto, cando as emisións se estimen utilizando as directrices recollidas na Decisión da Comisión 2007/589/CE, poderanse aplicar niveis de estimación inferiores. Cando as emisións se estimen usando as directrices do Panel Intergubernamental de Cambio Climático (IPCC, a súa sigla en inglés), aplicaranse os niveis que se especifican no cadro do anexo I.

b) Os valores dos parámetros utilizados para os cálculos das emisións deberán, cando sexa posible, estar debidamente xustificadas mediante rexistros, facturas ou outros documentos.

c) As lagoas de información resolveranse aplicando hipóteses prudentes. Entenderase, no contexto deste real decreto e para os efectos do axuste do volume total de dereitos de emisión a expedir a partir de 2013, que unha hipótese prudente é a que conduce a unha previsible estimación á baixa das emisións.

#### Artigo 4. *Verificación dos datos de emisións.*

1. Os datos de emisións dos anos 2007 e 2008, estimados de acordo co establecido no artigo anterior, deberán ser verificados de forma independente por un verificador acreditado no ámbito do comercio de dereitos de emisión de conformidade co Real decreto 1315/2005, do 4 de novembro, polo que se establecen as bases dos sistemas de seguimento e verificación de emisións de gases de efecto invernadoiro nas instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

2. Na verificación dos datos de emisións comprobarase que as estimacións das emisións se axustan ao establecido neste real decreto e que se aplicaron os principios definidos no número 5 do artigo 3.

3. A verificación das emisións das instalacións a que se refire o número 1 do artigo 2 terá que ser realizada por verificadores cuxo alcance de acreditación comprenda o exixido no cadro recollido no anexo II.

4. Cando a instalación realice unha actividade que xa estaba incluída no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2008-2012, a verificación será realizada por verificadores cuxo alcance de acreditación, outorgada de conformidade co Real decreto 1315/2005, do 4 de novembro, inclúa a dita actividade.

Artigo 5. *Notificación dos datos de emisións.*

1. Os titulares de instalacións que realicen actividades incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto deberanlles presentar, antes do 30 de abril de 2010, aos órganos competentes das comunidades autónomas, datos de emisións correspondentes aos anos 2007 e 2008 debidamente documentados e verificados de forma independente, de conformidade co establecido neste real decreto.

2. Para aquelas instalacións que xa se atopaban suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2008-2012 por realizaren unha actividade xa recollida no ámbito de aplicación do devandito réxime, pero que incorporarán dispositivos adicionais como consecuencia das modificacións no ámbito de aplicación que introduce a Directiva 2009/29/CE, unicamente se terán que notificar os datos de emisións dos dispositivos que pasen a estar incluídos no réxime de comercio de dereitos de emisión a partir do ano 2013.

3. O titular deberalle comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma polo menos a seguinte información:

a) Identificación do titular da instalación:

1.º Nome da razón social.

2.º O seu enderezo, incluído o código postal.

No caso de instalacións non incluídas no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2008-2012, tamén deberán presentar acreditación de ser titular da instalación.

b) Identificación da instalación:

1.º Nome da instalación.

2.º O seu enderezo, incluído o código postal.

3.º Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico dunha persoa responsable para os efectos deste real decreto.

4.º No caso de instalacións incluídas no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2008-2012, tamén se deberá achegar o código Renade utilizado para a identificación de cada autorización de emisión no Rexistro Nacional de Dereitos de Emisión.

c) Descrición da instalación, ou parte da instalación, cuxas emisións son obxecto de notificación, identificando as unidades técnicas da instalación onde se orixinan as emisións obxecto de notificación, actividades que se realizan en cada unha delas, capacidade de produción e, cando se utilicen combustibles, potencia térmica nominal. Así mesmo, achegaranse as razóns polas cales se estima que a instalación, ou parte da instalación, se atopará suxeita ao réxime de comercio de dereitos de emisión a partir de 2013.

d) Epígrafe da Lei 5/2009 a que pertence a instalación, ou parte da instalación.

e) Descrición da metodoloxía de seguimento que se empregou para determinar as emisións dos anos 2007 e 2008.

f) Datos de actividade necesarios para o cálculo das emisións, incluíndo información sobre o valor calorífico neto, factor de emisión, factor de oxidación e, en relación coa estimación das emisións de gases de efecto invernadoiro diferentes do CO<sub>2</sub>, os valores dos potenciais de quecemento global empregados.

g) Contía das emisións anuais determinadas de conformidade cos procedementos descritos, debidamente documentados e verificados de forma independente, correspondentes aos anos 2007 e 2008 en toneladas de CO<sub>2</sub> equivalente (tCO<sub>2</sub>e). As emisións comunicaranse desagregadas por ano, por gas de efecto invernadoiro e por tipo de emisións (combustión e proceso).

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## ANEXO I

**Directrices para a estimación das emisións segundo o previsto no artigo 3.4**

1. As emisións de proceso para as actividades referidas no número 1 do artigo 2 estimaranse aplicando as metodoloxías que se recollen no cadro que figura neste anexo.

2. Cando, de conformidade co cadro deste anexo, se empregue a estimación de balance de masas definido no anexo VI da Decisión 2007/589/CE, non será necesario estimar separadamente as emisións de combustión e de proceso que estean recollidas no balance de masas.

3. No caso de actividades para as que se establece no cadro deste anexo a utilización das directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro, haberá que ter en conta as seguintes consideracións:

Os datos de actividade (consumo de combustibles ou outros materiais, datos de produción ou o que proceda en cada caso para determinar as emisións) serán sempre os referidos á propia instalación.

Cando se recomenden boas prácticas en aplicación do principio de prudencia, prevalecerá o establecido no número 3.5.c) deste real decreto. (Por exemplo, non se seguirán as recomendacións relativas á utilización dos factores de emisión máis elevados dentro dun intervalo, senón que se usarán os valores máis axustados á situación real da instalación.)

*Directrices para a estimación das emisións de proceso*

Novas actividades	Gases cubertos	Directrices que se empregarán
Produción e transformación de metais férreos (como ferroalixes) cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW. A transformación inclúe, entre outros elementos, laminadores, requentadores, fornos de recocedura, forxas, fundición, e unidades de recubrimento e decapado.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Decisión 2007/589/CE. Anexo VI.
Produción de aluminio primario.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. Volume 3. Producción primaria de aluminio. Nivel 1.
	Perfluorocarburos (PFC).	Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. Volume 3. Producción primaria de aluminio. Nivel 2. No cálculo das emisións de gases de efecto invernadoiro distintos de CO <sub>2</sub> , utilizaranse os potenciais de quecemento global (PQG) establecidos no segundo informe de avaliación do Panel Intergobernamental de Cambio Climático: PQG CF <sub>4</sub> = 6.500 tCO <sub>2</sub> e PQG C <sub>2</sub> F <sub>6</sub> = 9.200 tCO <sub>2</sub> e
Produción e transformación de metais non férreos, incluída a produción de alixes, a refinación, o moldeado en fundición, etc., cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total (incluídos os combustibles utilizados como axentes redutores) superior a 20 MW.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Decisión 2007/589/CE. Anexo VI.

Novas actividades	Gases cubertos	Directrices que se empregarán
Calcinación de dolomita ou magnesita en fornos rotatorios ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Metodoloxías recollidas no anexo VIII da decisión 2007/589/CE no que se establecen directrices específicas para as instalacións de fabricación de cal.
Fabricación de material illante de la mineral utilizando cristal, rocha ou escoura, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Decisión 2007/589/CE. Anexo IX.
Secado ou calcinación de xeso ou produción de placas de xeso laminado e outros produtos de xeso, cando se explotan unidades de combustión cunha potencia total térmica nominal superior a 20 MW.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Decisión 2007/589/CE. Anexo IX.
Produción de ácido nítrico.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ) e óxido nítrico (N <sub>2</sub> O).	Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. Volume 3. Produción de ácido nítrico. Nivel 1. No cálculo das emisións de gases de efecto invernadoiro distintos de CO <sub>2</sub> , utilizaranse os potenciais de quecemento global (PQG) establecidos no segundo informe de avaliación do Panel Intergubernamental de Cambio Climático: PQG N <sub>2</sub> O = 310 tCO <sub>2</sub> e
Produción de ácido adípico.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ) e óxido nítrico (N <sub>2</sub> O).	Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. Volume 3. Produción de ácido adípico. Nivel 1. No cálculo das emisións de gases de efecto invernadoiro distintos de CO <sub>2</sub> , utilizaranse os potenciais de quecemento global (PQG) establecidos no segundo informe de avaliación do Panel Intergubernamental de Cambio Climático: PQG N <sub>2</sub> O = 310 tCO <sub>2</sub> e
Produción de ácido de glioxal e ácido glioxílico.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ) e óxido nítrico (N <sub>2</sub> O).	Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. Volume 3. Produción de caprolactama, glioxal e ácido glioxílico. Nivel 1. No cálculo das emisións de gases de efecto invernadoiro distintos de CO <sub>2</sub> , utilizaranse os potenciais de quecemento global (PQG) establecidos no segundo informe de avaliación do Panel Intergubernamental de Cambio Climático: PQG N <sub>2</sub> O = 310 tCO <sub>2</sub> e
Produción de amoníaco.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. Volume 3. Produción de amoníaco. Nivel 1.
Fabricación de produtos químicos orgánicos en bruto mediante crácking, reformado, oxidación parcial ou total, ou mediante procesos similares, cunha capacidade de produción superior a 100 toneladas por día.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. Volume 3. Produción petroquímica. Nivel 1.
Produción de hidróxeno (H <sub>2</sub> ) e gas de síntese mediante reformado ou oxidación parcial, cunha capacidade de produción superior a 25 toneladas por día.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Decisión 2007/589/CE. Anexo III.
Produción de carbonato sódico (Na <sub>2</sub> CO <sub>3</sub> ) e bicarbonato de sodio (NaHCO <sub>3</sub> ).	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Directrices do IPCC de 2006 para os inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro. Produción de cinza de sosa.



## ANEXO II

**Alcance de acreditación exigible aos verificadores para a verificación das emisións das novas actividades segundo o previsto no artigo 4.3**

Os alcances de acreditación que figuran no seguinte cadro fan referencia ás acreditacións concedidas polas entidades de acreditación, segundo corresponda, de conformidade co anexo 7 do Decreto 397/2006, do 17 de outubro, de aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro e de regulación do sistema de acreditación de verificadores de informes de emisión de gases de efecto invernadoiro do Departamento de Medio Ambiente e Vivenda da Generalitat de Cataluña ou co anexo F do documento de Criterios Específicos de Acreditación de Verificadores do Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión de Gases de Efecto Invernadoiro (CEA-ENAC-09).

Novas actividades	Gases cubertos	Alcance de acreditación exigible	
		Decreto 397/2006 (anexo 7)	CEA-ENAC-09 (anexo F)
Produción e transformación de metais férreos (como ferroalixaxes) cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW. A transformación inclúe, entre outros elementos, laminadores, requentadores, fornos de recocadura, forxas, fundición, e unidades de recubrimiento e decapado.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	I-A / II-A	1a / 1b / 3
Produción de aluminio primario.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ) e perfluorocarburos (PFC).	II-A	3
Produción de aluminio secundario cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	II-A	3
Produción e transformación de metais non férreos, incluída a produción de alixaxes, a refinación, o moldeado en fundición, etc., cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total (incluídos os combustibles utilizados como axentes redutores) superior a 20 MW.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	I-A / II-A	1a / 1b / 3
Calcinación de dolomita ou magnesita en fornos rotatorios ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	II-B	4
Fabricación de material illante de la mineral utilizando cristal, rocha ou escoura, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	II-C	4
Secado ou calcinación de xeso ou produción de placas de xeso laminado e outros produtos de xeso, cando se explotan unidades de combustión cunha potencia total térmica nominal superior a 20 MW.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	II-B	4
Produción de ácido nítrico.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ) e óxido nítrico (N <sub>2</sub> O).	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.

Novas actividades	Gases cubertos	Alcance de acreditación exigible	
		Decreto 397/2006 (anexo 7)	CEA-ENAC-09 (anexo F)
Producción de ácido adípico.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ) e óxido nitroso (N <sub>2</sub> O).	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.
Producción de ácido de glioxal e ácido glioxílico.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ) e dióxido de carbono (N <sub>2</sub> O).	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.
Producción de amoníaco.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.
Fabricación de produtos químicos orgánicos en bruto mediante crácking, reformado, oxidación parcial ou total, ou mediante procesos similares, cunha capacidade de produción superior a 100 toneladas por día.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.
Producción de hidróxeno (H <sub>2</sub> ) e gas de síntese mediante reformado ou oxidación parcial, cunha capacidade de produción superior a 25 toneladas por día.	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	I-C	2
Producción de carbonato sódico (Na <sub>2</sub> CO <sub>3</sub> ) e bicarbonato de sodio (NaHCO <sub>3</sub> ).	Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> ).	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.	Calquera verificador acreditado no ámbito do RD 1315/2005, independentemente do alcance da súa acreditación.